



**Secretaría FGTM**  
Antonio Lasén Casas  
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Móbil: 677343968  
Web: [www.fgfm.es](http://www.fgfm.es)  
E-Mai: [lasencasas@hotmail.com](mailto:lasencasas@hotmail.com)  
CIF: V15149453



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**

**CIRCULAR Nº 1**

**TEMPADA 2016/2017**

## **PROCEDIMIENTO DE INSCRIPCIÓN DE EQUIPOS NAS LIGAS DE:**

- **3ª DIVISIÓN NACIONAL MASCULINA**
  - **1ª DIVISIÓN GALEGA**
  - **2ª DIVISIÓN GALEGA**
  - **2ª DIVISIÓN FEMININA**
- 

### **PROCEDIMENTO**

*Todos os procesos se realizarán vía formulario (Folla Excel). Non se enviará ningunha comunicación por correo ordinario.*

*O formulario deberao encher por completo e enviar a: [lasencasas@hotmail.com](mailto:lasencasas@hotmail.com). Se non se completasen todos os datos, poderíase dar a inscrición por non correcta.*

### **DATOS A CUMPRIR**

*En primeiro lugar encherase a folla **CLUB** introducindo todos os datos requiridos.*

*A continuación, deberase encher unha folla de equipo por cada equipo de liga de 3ª División Nacional Masculina, 2ª División Nacional Feminina, 1ª División Galega e 2ª División Galega.*

*Para comezar teremos que ir á folla **3D-1G-EQUIPO1**, nela introducir o número de equipo, que encontrará no listado **Nº EQUIPO-CLUB**, ao poñer este número de equipo. Aparecerán os datos que ten a FGTM no seu poder.*

*O segundo é se desexa renunciar á categoría, enviar este impreso, cun **SE** en caso de renuncia.*

*Posteriormente debe encher, modificar ou verificar todos os datos seguintes:*

### **DATOS DE EQUIPOS**

**Nome Oficial:** Nome Oficial do club.

**Nome Comercial:** É o que figurará no calendario de competición.

**Nome Abreviado:** Este utilizarase para cando haxa problemas de espazo en carteis, publicidade, etc.

*Non poderá ter máis de 20 caracteres. En caso de ter máis a FGTM acurtará o seu criterio.*



**Secretaría FGTM**  
Antonio Lasén Casas  
CI/ Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Móbil: 677343968  
Web: [www.fgfm.es](http://www.fgfm.es)  
E-Mail: [lasencasas@hotmail.com](mailto:lasencasas@hotmail.com)  
CIF: V15149453



**XUNTA DE GALICIA**

**PRESIDENCIA**

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**

**Domicilio, poboación, provincia e código postal:** Dirección postal do equipo.  
**Teléfono:** do equipo.

### **LOCAL DE XOGO**

**Nome:** Será o nome da sede de xogo, pavillón, colexio, instituto, polideportivo, etc.

**Domicilio, poboación, provincia e código postal:** Dirección do local de xogo e posibles datos de interese.

Recordamos que os locais deben cumprir as seguintes condicións mínimas:  
Medidas 9 x 5 x 3.

A iluminación terá unha intensidade mínima de 600 lux sobre a superficie e de 400 lux, polo menos, no resto da área de xogo.

### **RESPONSABLE**

**Nome:** Será a persoa responsable dese equipo ante a FGTM, para os efectos de notificacións.

**Teléfono Móbil:** do responsable.

**E mail:** Será o medio oficial para o envío de notificacións ao equipo. É moi importante que este actualizado e se revise con frecuencia, xa que é o medio oficial para o envío de comunicacións.

**Aviso importante:** Os Clubs deben de ter en conta que a persoa que figure como responsable na ficha de inscrición será considerada para todos os efectos como representante do Club ante a FGTM, e que a dirección de correo electrónico será considerada para todos os efectos como dirección electrónica do Club, e moi especialmente para recibir calquera notificación.

O Club é o único responsable de que o dato sexa correcto e de que permaneza actualizado durante toda a tempada, debendo comunicar á FGTM calquera cambio que se produza tanto do responsable coma da dirección de correo electrónico.

A non recepción por calquera causa ou motivo de calquera comunicación ou notificación efectuada pola FGTM á dirección de correo electrónica declarada non producirá efecto invalidante ningún, nin paralizará actuación ou procedemento ningún.

### **MATERIAIS**

**Marca e cor pelota.**

**Marca, modelo e cor mesa.**

Verifique que se encontran no listado de materiais homologados.

A normativa de pelotas queda igual que a tempada pasada.

En todas as competicións que organice a FGTM, xogarase coas pelotas de plástico.



**Secretaría FGTM**  
Antonio Lasén Casas  
C/ Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Móbil: 677343968  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-Mail: [lasencasas@hotmail.com](mailto:lasencasas@hotmail.com)  
CIF: V15149453



**XUNTA DE GALICIA**

**PRESIDENCIA**

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**

*Para o resto de categorías de ligas de 3ª División Nacional Masculina, 1ª e 2ª División Galega e 2ª División Feminina, quedará á súa elección a pelota coa que xogar, dentro das aprobadas pola ITTF (plástico ou celuloide). A elección só ten efectos para os encontros que o equipo dispute como local.*

*Enlace ITTF de pelotas autorizadas:*

**[http://www.ittf.com/\\_front\\_page/ittf1.asp?category=balls](http://www.ittf.com/_front_page/ittf1.asp?category=balls)**

*Enlace ITTF de Mesas autorizadas:*

**[http://www.ittf.com/\\_front\\_page/ittf1.asp?category=tables](http://www.ittf.com/_front_page/ittf1.asp?category=tables)**

*A FGTM poderá autorizar un material non incluído nas listas de materiais autorizados pola ITTF ou RFETM previa petición do equipo implicado.*

*Os Equipos que indiquen novas marcas ou modelos e estes non se encontren homologados serán requiridos para que os rectifiquen.*

### **COMPETICIÓN**

***Día preferido:*** Debe indicar se prefire xogar os sábados ou os domingos.

***Horario Sábado:*** Só poderán ser de 16:00 a 19:00 horas (excepcionalmente poderase xogar noutros horarios pero contando co consenso dos equipos participantes nesa liga e grupo).

***Horario Domingo:*** Só poderán ser de 9:00 a 11:00 horas.

*Os Clubs con varios equipos son responsables de fixar horas ou días distintos para cada un dos seus equipos se só dispoñen dunha única sala de xogo.*

### **ASCENSO POR RENUNCIAS**

***IMPORTANTE!!!*** Aquí debe indicar se quere ascender a categoría superior, en caso de que se produzan renuncias na categoría superior e por orde lle corresponda.

*Se non se cumpre este apartado entenderase que non desexa ascender, polo que non será informado, pero no caso de marcar que **SE**, será obrigatoria a aceptación da praza na categoría superior, de maneira que a partir dese momento só cabería a posibilidade de retirada con todas as súas consecuencias.*

### **OBSERVACIÓNS**

*Indicar algún dato relevante, que non se encontre no formulario.*

*Os Clubs con varios Equipos poden indicarnos se desexan que exista ou non coincidencias dos seus Equipos cando disputen encontros na casa. Cos datos que nos proporcione intentaremos realizar un calendario que, se adapte no posible aos seus desexos.*

*A FGTM tratará de atender todas as peticións, pero moitas veces é imposible cadrar todas as solicitudes en todas as xornadas.*



**Secretaría FGTM**  
Antonio Lasén Casas  
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Móbil: 677343968  
Web: [www.fgfm.es](http://www.fgfm.es)  
E-Mail: [lasencasas@hotmail.com](mailto:lasencasas@hotmail.com)  
CIF: V15149453



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**

Na páxina web da FGTM expoñeranse os equipos que cumpriron correctamente o formulario.

### **PRAZOS DE INSCRICIÓNS**

Antes das 20:00 horas do **día 31 de xullo** para as ligas de 3ª División Nacional Masculina, 1ª e 2ª División Galega.

Antes das 20:00 horas do **día 16 de outubro** para a liga de 2ª División Feminina.

### **DEREITOS DE INSCRICIÓ**

Seguen nas mesmas contías, segundo se especifica a continuación:

<b>DEREITOS DE AFILIACIÓN DE EQUIPOS NAS LIGAS GALEGAS OU DELEGADAS DA RFETM:</b>				
<b>3ª DIVISIÓN NACIONAL MASCULINA</b>				
<b>1ª DIVISIÓN GALEGA</b>				
<b>2ª DIVISIÓN GALEGA</b>				
<b>2ª DIVISIÓN FEMININA</b>				
<b>LIGA</b>	<b>1 EQUIPO</b>	<b>2 EQUIPOS</b>	<b>3 EQUIPOS</b>	<b>4 EQUIPOS</b>
<b>3ª División Masculina</b>	<b>55 €</b>	<b>110 €</b>	<b>165 €</b>	<b>220 €</b>
<b>1ª División Galega</b>	<b>35 €</b>	<b>50 €</b>	<b>75 €</b>	<b>100 €</b>
<b>2ª División Galega</b>	<b>25 €</b>	<b>40 €</b>	<b>60 €</b>	<b>80 €</b>
<b>2ª División Feminina</b>	<b>25 €</b>	<b>40 €</b>	<b>60 €</b>	<b>80 €</b>

O pagamento debe facerse mediante transferencia bancaria á nosa conta en Banco Simeón, en Vilagarcía, **C.C./0130/3007/70/0108038102**, e por correo electrónico a **lasencasas@hotmail.com** o comprobante de tela efectuado.

**Aviso Importante:** Non serán admitidas as inscricións que non acheguen o xustificante do pagamento.

As inscricións que non estean acompañadas do xustificante do pagamento realizado dentro do prazo indicado no apartado "Prazos de inscricións" non farán efecto algún, é dicir, que se terán por non formalizadas.

### **RETIRADAS OU RENUNCIAS**

A non inscrición dun equipo na categoría á que teña dereito terá a consideración de renuncia exercitada dentro de prazo, cos efectos correspondentes.

Un equipo dunha categoría superior, poderá renunciar á súa categoría e participar nunha categoría inferior, sempre que o comunique antes de que finalice o prazo de inscrición da categoría superior e que o exprese no formulario de inscrición.

Un equipo que formalizase correctamente a súa inscrición, (formulario e pagamento da inscrición), non poderá renunciar á participación. Se se producise esta renuncia, este



**Secretaría FGTM**

Antonio Lasén Casas  
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Móbil: 677343968

Web: [www.fgfm.es](http://www.fgfm.es)

E-Mail: [lasencasas@hotmail.com](mailto:lasencasas@hotmail.com)

CIF: V15149453



**XUNTA DE GALICIA**

**PRESIDENCIA**

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**

*equipo non poderá participar en ningunha outra categoría durante a tempada 2016-17, e, ademais, perderá o importe da inscrición.*

*Para cubrir estas posibles renuncias, se fose necesario, o criterio para escoller o equipo que ascende variará en función do momento no que se produza a baixa.*

*Se non se tivese publicado a distribución provisional dos equipos da categoría implicada. Escollerase o seguinte equipo por orde de reservas, sempre que indicase a súa intención de ascender, no formulario de inscrición. En categorías con grupo único, enténdese por publicado a composición do grupo dende a data de publicación desta circular.*

*Unha vez publicado o listado coa distribución provisional de grupos en todas as categorías cubriríanse as prazas seguindo os criterios indicados e sempre procurando que en ningún caso quede un grupo en calquera categoría con menos de 10 equipos.*

*Se se tivese publicado a distribución provisional dos equipos da categoría implicada. Escollerase o seguinte equipo por orde de reservas, sempre que indicase a súa intención de ascender no formulario de inscrición.*

*Se se tivese publicado o calendario de competición da categoría implicada. Escollerase o seguinte equipo por orde de reservas, sempre que indicase a súa intención de ascender no formulario de inscrición. Ademais deberá aceptar o calendario asignado ao equipo descendido, salvo modificacións que se puidesen realizar no horario de xogo e desprazamentos dobres.*

*A falta de 7 días de iniciarse a competición na categoría implicada, non se cubrirán as baixas. En consecuencia, o último día para cubrir as baixas será o venres da semana anterior ao fin de semana sinalado para o inicio das ligas Galegas.*

*A Illa de Arousa, 11 de xullo de 2016*